

Nome _____ Data _____

O **h** é unha grafía que non se pronuncia, non ten son. Moitas palabras teñen **h** inicial e outras, intercalado, é dicir no medio da palabra.

Escríbense con **h**:

- Todas as formas do verbo **haber** (*hei, has, habrá...*) e dos verbos **habitar, habituar, herdar, hospedar, honrar...**
- As palabras que comezan por **horr-, hosp-** e **hum-** (agás *úmero*).
- Tamén se escriben con *h* outras palabras como *herba, hedra, home, hora, hoxe, Helena, hindú, Henrique, harmonía...* e exclamacións como *boh!, oh!, hurra!* (agás *ai!, ola!, ei!*)
- Cando unha palabra ten **h** as palabras derivadas dela tamén o teñen. Por exemplo: *prohibir-prohibición, honrado-deshonrado.*

Non levan **h** moitas palabras que si o teñen en castelán: *ovo, arpa, ombro, orfo, aí, baía, ermida, irmán, oco, ola...*

1. Escribe o nome de cada elemento. Ten en conta que todos comezan por *h*.



2. Escribe unha oración con cada unha das palabras anteriores.

3. Completa con *h* cando sexa preciso.

- __urra!, __oxe gañamos 5-0; foi un partido __istórico.
- Os __ópedes do __otel __an de deixar os cuartos libres antes das __once.
- Nesta aldea __abía uns douscentos __abitantes, __agora __aberá uns __oitenta.
- Nesa __esquina __aiche un sinal de pro__ibido __ aparcar.
- Aquel __ome __estaba de moi mal __umor.

4. Ordena as letras de cada fila e escribe 4 palabras con *h* intercalado e 1 con *h* inicial.

E	S	V	I	A	D	H	O
O	U	H	C	Í	V	E	L
A	R	M	H	O	A	Í	N
M	H	L	A	U	O	M	R
H	P	O	R	B	I	R	I

5. Completa con *h* cando faga falta e relaciona cada palabra coa súa definición.
Se dubidas, le primeiro a definición e despois busca a palabra.

- | | |
|----------------|---|
| sa__ariano • | • Distribución de actividades segundo as horas. |
| __orario • | • Aparello para inflar aire nunha pelota. |
| __inflador • | • Relacionado co deserto do Sáhara, no norte de África. |
| __eroína • | • Caixiña onde se colocan os ovos. |
| __oveira • | • Muller que realiza fazañas heroicas. |
| pre__istoria • | • Período da historia antes dos primeiros escritos. |

6. Escribe palabras que comecen por *des-* ou por *in-*.

- | | |
|--------------------|--------------------|
| • habituar ► _____ | • habitual ► _____ |
| • habitar ► _____ | • humano ► _____ |
| • hidratar ► _____ | • hábil ► _____ |

7. Completa as oracións con *aí*, *hai* ou *ai*.

- | | |
|---|---------------------------------|
| • Neste monte _____ moitos castiñeiros. | • Esta tarde non _____ clase. |
| • Senta _____ e non te me movas. | • Canto tempo _____ que se foi. |
| • Mirarei _____ a ver se o atopo. | • Non cruces por _____. |
| • _____, como se puxo de lama! | • _____, o desgusto que levou! |

■ Clasifica as palabras *aí*, *hai* e *ai* onde corresponde.

- _____ ► Exclamación que expresa queixa, sorpresa...
- _____ ► 3.^a persoa singular do presente do verbo *haber*.
- _____ ► Adverbio de lugar.

Nome _____ Data _____

Escríbense con **b**:

- As palabras que comezan polas sílabas **bu-**, **bur-** e **bus-**. Exemplo: *busto, burla, buscar*.
- As palabras cos grupos consonánticos **bl** e **br**, agás *acivro, ávrego*.
- As terminacións do pretérito imperfecto dos verbos da 1.^a conxugación: **-aba**, **-abas**, **-aba...** Exemplo: *Camiñabamos*.
- As palabras que comezan polos prefixos **bi-** ou **bis-** ('dous', 'dúas veces') e por **bibl-** ('libro'). Exemplo: *bisílabo, bisneto, biblioteca*.
- A terminación **-bilidade**. Exemplo: *amabilidade*.
- Os verbos acabados en **-ber**: *beber, deber, caber, lamber, haber e saber*.
- Os verbos acabados en **-buír** e **-bir** (agás *servir, vir e vivir*). Exemplo: *contribuír, prohibir*.

Tamén se escriben con **b** moitas palabras como *abelá, automóbil, bolboreta, polbo, móbil, trobador, gabián...*

1. Completa con **b** as palabras incompletas destas oracións.

- Deixei o a___rigo colgado dunha percha dentro do mo___le.
- Naquel conto ha___ía unha ___ruxa moi enredante.
- O neno xoga___a á ___uxaina cos seus amigos no parque.

■ Explica a regra de uso de **b** en cada unha das palabras que completaches.

- _____ ► _____
- _____ ► _____
- _____ ► _____
- _____ ► _____
- _____ ► _____
- _____ ► _____

2. Escribe unha oración con cada palabra.

- polbo ► _____
- automóbil ► _____
- marabilloso ► _____

3. Forma substantivos rematados en *-bilidade*.

- posible ► _____
- contable ► _____
- hábil ► _____
- amable ► _____

■ Escribe unha oración cunha das palabras anteriores.

4. Substitúe o infinitivo pola forma do imperfecto de indicativo.

- Roi tiña un canario que CANTAR moi ben.

- Nós antes CRUZAR pola ponte vella cando ATRAVESAR o río.

- Antes CHEGAR sempre tarde e XANTAR á deshora.

- O ano pasado ti CAMIÑAR moito polo monte e AGUANTAR máis ca nós.

5. Escribe a palabra que corresponde a cada definición.

Todas teñen *b*.

- Pasar a lingua sobre algo. ► _____
- É quen apaga os incendios. ► _____
- Froito da abeleira. ► _____
- Cabeza de tamaño moi grande. ► _____
- Alí hai moitos libros. ► _____
- Líquido que se bebe. ► _____



6. Forma un verbo a partir da palabra destacada, seguindo o exemplo.

- Meter un líquido dentro dunha **botella** é _____
- Subir a un barco ou **barca** é _____
- Meter un produto nunha **bolsa** é _____
- Pintar de **branco** unha parede é _____

Nome _____ Data _____

Esríbense con v:

- Os adxectivos terminados en **-avo/a, -ave, -eve, -evo/a, -ivo/a** (agás *árabe, ceibo, ceibe* e *roibo*).
- As terminacións **-vidade, -ívoro, -ívora** (agás *víbora*). Exemplo: *actividade, insectívoro*.
- As formas verbais do pretérito perfecto e pluscuamperfecto de indicativo, e do pretérito de subxuntivo dos verbos **ter** e **estar** (*tiven, estiven, tivera, estivera, tivese, estivese...*)
- Os verbos terminados en **-servar** e en **-ver** (agás *beber, caber, haber, lamber, saber* e *sorber*) e as palabras derivadas.
- As formas dos verbos **vir, servir** e **vivir** e as palabras da súa familia. Exemplo: *vivente, servidor*.

Tamén se escriben con v moitas outras palabras como *avó, voda, voitre, avogado, gravata, verniz, escaravello, chuvasco, vermello...*

1. Clasifica estas palabras co que están relacionadas.

servicial • sobrevivente • benvida • víveres • vivenda • servidume
servente • vindeiro • proveniente

verbo *servir*

verbo *vivir*

verbo *vir*

■ Escolle entre as palabras anteriores a que acaia a cada oración e completa.

- Entregáronlles un regalo de _____ aos novos clientes.
- Todas as _____ deste barrio están moito máis baratas agora.
- Rosalía éche moi _____; sempre está disposta a axudarme.

2. Cubre os ocos das palabras de cada oración con b ou con v.

- O tío _____rais en _____ioume uns li_____ros en _____oltos en papel de _____ur_____ullas.
- A clienta desexa _____a cam_____iar a _____lusa _____ranca por outra de cor _____ermella.
- Os in_____estigadores espera_____ban descu_____rir os culpa_____les.
- O meu a _____ó tra_____alla_____a nunha fá_____rica de conser_____as.

3. Completa cunha forma de cada verbo que acaia e que teña o son B.

- ENTRETERSE ► O neno _____ toda a mañá xogando cun crebacabezas.
- CONTER ► Aquel muro _____ ben a riada de auga.
- MANTER ► Era importante que o xogador _____ a calma.
- DETER ► O garda _____ o condutor do coche e púxolle unha multa.

4. Volve escribir estas oracións substituindo o subliñado por unha única palabra. Fíxate que todas teñen que ser adxectivos con v.

- Estevo quere ser periodista de deportes.

- Ese actor de Iugoslavia interpretaba un personaxe que se vinga.

- No programa que informa oín que mañá é día de festa só en Galicia.

5. Estas palabras teñen o son B. Complétaas con b ou v fixándote nos derivados.

- | | | |
|------------------------|-----------------------|----------------------|
| • chu__ia ► chuvasco | • go__erno ► gobernar | • a__ogado ► avogar |
| • a__afar ► abafante | • __ulto ► avultar | • a__elá ► abeleira |
| • a__afar ► abafante | • __ulto ► avultar | • a__elá ► abeleira |
| • na__egar ► navegante | • co__iza ► covizoso | • mó__il ► mobilizar |

6. Completa o texto con b ou con v

O __enres fun coa miña amiga E__a ao zoo.

Ela esti__o case todo o tempo __endo unha familia de chimpancés; son moi afectuosos e fanlles moitos

mecos aos seus fillos, coma as persoas. A min

gustoume máis __er correr as ce__ras, que son

da familia dos asnos e dos ca__alos, pero teñen

un pelame __ranco con raias negras. Distraídos

como esta__amos cando nos a__isaron de que ían pechar,

non o podíamos crer. Pasounos o tempo __oando!



Nome _____ Data _____

Os grupos **-cc-** e **-ct-** poden conservar ou perder o **c** segundo certas condicións:

- Mantense o **c** do grupo **-cc-** e **-ct-** cando antes van as vogais **a, e, o**. Exemplo: **acción**, **adxectivo**, **nocturno**.
- Pérdese o **c** dos grupos **-cc-** e **-ct-** cando antes van as vogais **i e u**. Exemplo: **dicionario**, **produto**.

Cando unha palabra se escribe con **cc** as da súa familia tamén conteñen o **c** no grupo **ct**. Por exemplo: **acción-acto**.

Existen algunhas **excepcións** como as formas do verbo *reflectir* (*reflecto...*), *ficción*, *fricción*, *invicto*, *edicto*, *eructo...*

1. Completa con **cc/ct** ou **c/t**.

- | | | | |
|---------------|---------------|--------------|--------------|
| • calefa__ión | • prá__ica | • produ__o | • tradu__ión |
| • di__adura | • redu__ión | • o__idente | • arquite__o |
| • estru__ura | • exa__o | • destru__or | • ví__ima |
| • adxe__ivo | • distra__ión | • di__ado | • a__ividade |

2. Clasifica as palabras anteriores.

cc e ct despois de a, e, o	c e t despois de i, u
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

3. Risca a palabra incorrecta e explica por que.

tractor	trator	▶	
condutor	conductor	▶	

4. Completa as oracións coas palabras do recadro. Fíxate na súa correcta ortografía.

infección • acueduto • predición • estupefacto • conduto • contacto • estrito

- A ferida ocasionoulle a Lola unha _____.
- Ten que seguir un réxime _____ baixo en graxas.
- A _____ meteorolóxica para mañá é de anticiclón.
- Sen querer, eliminou os _____ da axenda do teléfono.
- Xoán quedou _____ cando viu aquela desorde na oficina.
- Os romanos construíron un _____ para levar auga á cidade.
- Chamou o fontaneiro para que revisase un _____ da auga.

5. Completa as letras que faltan nestas palabras de cada familia.

prescri__ión	prescri__o	prescri__ible
produ__ión	produ__o	produ__or
le__ión	le__or	le__ura
inxe__ión	inxe__ar	inxe__able



6. Escribe palabras en *-ción* ou *-cción*.

- | | |
|--------------------|----------------------|
| • actuar ▶ _____ | • aclamar ▶ _____ |
| • redactar ▶ _____ | • atraer ▶ _____ |
| • corrixir ▶ _____ | • fraccionar ▶ _____ |
| • perfecto ▶ _____ | • anular ▶ _____ |
| • fixar ▶ _____ | • inxectar ▶ _____ |

7. Escribe *c* cando sexa preciso.

- Un novo arquite__to encargárase da reconstru__ción do edificio.
- A tradi__ión é que neste festival os músicos a__túen en rigoroso dire__to.
- Ese filme ten a__tores e a__trices de gran traxe__toria profesional.
- O inspe__tor comprobou que a calefa__ción estaba en perfe__to funcionamento.

Nome _____ Data _____

A grafía **x** pode representar dous sons:

- Na maioría dos casos ten o son X coma en *xoia*.
- En moitas palabras cultas, ten o son KS coma en *exame*.

Escríbense con **x** as palabras que comezan por **ex-** e polo prefixo **extra-**. Exemplo: *excelente*, *explicar*, *extraordinario*...

- Escríbense con **s** moitas outras palabras que comezan pola sílaba **es-**. Exemplo: *estranxeiro*, *escarvar*, *escusa*, *espertar*, *espléndido*, *estraño*...
- Hai palabras que en castelán levan **j** e en galego teñen **x**, como ocorre con *caixa*, pero iso non sempre é así. Moitas desas palabras en galego son con **ll**, non con **x**. Exemplo: *coello* (non **conexo*), *estropallo* (non **estropaxo*)...
- Moitas palabras que en castelán teñen **s**, en galego teñen **x**. Exemplo: *cornixa*, *igreja*...

1. Completa x, le e clasifica as palabras.

- | | |
|-------------|---------------|
| • lé__ico | • cone__ión |
| • sin__elo | • debu__o |
| • e__plicar | • amei__a |
| • é__ito | • có__egas |
| • quei__o | • su__eito |
| • homena__e | • tóra__ |
| • __emelgo | • __eonllo |
| • ó__ido | • __ilófono |
| • ta__ista | • e__actitude |
| • lingua__e | • pró__imo |
| • he__ágono | • e__ame |
| • li__ivia | • me__illón |
| • e__ceder | • má__imo |
| • rebai__a | • le__ítimo |
| • ma__ilar | • e__ceso |
| • cervé__a | • bu__aina |

O x soa X	O x soa KS
<i>sinxelo</i>	<i>léxico</i>

2. Completa as oracións coas palabras do cadro.

enxaugar • espirras • bocexar • enxivas • intelixente • alerxia • solfexo

- _____ moito, quizais teñas _____
- Os golfiños son animais moi _____.
- Non para de _____, debe ter sono.
- _____ ben a boca e deixa as _____ limpas.
- Antía estuda _____ na escola de música.



3. Completa con x ou s.

- gra__a ▶ engra__ar ▶ gra__ento
- fai__a ▶ enfai__ado ▶ enfai__ar
- pou__ar ▶ repou__o ▶ pou__ada
- ro__eira ▶ ro__ado ▶ ro__a
- __ordo ▶ __ordeira ▶ en__ordecer
- __utar ▶ __utador ▶ __ute

4. Escribe coa palabra axeitada.

- Colle un par de na caixa para prender o lume.

- Esa pota nova ten un de cristal.

- Esa pota nova ten un de cristal.

- A miña leira coa vosa.

5. Escribe unha oración con cada unha das formas anteriores que non empregaches.

- _____
- _____
- _____
- _____

Nome _____ Data _____

Non se deben confundir os sons que teñen algunhas palabras galegas coas súas equivalentes en castelán. Ás veces, algúns falantes relacionan os sons casteláns con outros galegos e forman palabras incorrectas.

A grafía y castelá non é equivalente en galego ao ll e o son da letra j tampouco equivale sempre á letra x. Por exemplo: *mayo* > *maio*; *inyección* > *inxección*, ou *paja* > *palla*, *teja* > *tella*.

- Teñen i (non ll nin y) palabras como *apoiar*, *boia*, *praia*, *maio*, *ensaiar*, *raio*, *iate*, *ioga*... e palabras que rematan en i como *lei*, *rei*, *moi*...
- Teñen ll (non i nin x) palabras como *espello*, *coello*, *lentella*, *ovella*, *parella*...

1. Busca na sopa de letras 3 palabras con i e 3 con ll e escribeas no seu lugar.

M	A	I	O	O	A	S	T	A
C	R	A	P	L	R	X	U	B
A	N	T	O	L	L	O	C	R
S	I	E	V	A	S	B	I	A
O	F	C	U	L	I	O	M	I
H	A	G	A	S	A	L	L	O
E	X	I	Ñ	D	O	I	C	R
P	A	P	A	G	A	I	O	U
I	Q	U	N	E	T	F	S	D
S	O	R	T	E	L	L	A	E

- Ave de cores vistosas. ▶ _____
- Abertura para o botón. ▶ _____
- Capricho. ▶ _____
- Anel con adorno. ▶ _____
- Barco de recreo. ▶ _____
- Regalo. ▶ _____
- O quinto mes. ▶ _____
- Asombro. ▶ _____

2. Traduce do castelán ao galego estas palabras.

- | | |
|--------------------|--------------------|
| • mayonesa ▶ _____ | • pareja ▶ _____ |
| • trayecto ▶ _____ | • ojal ▶ _____ |
| • proyecto ▶ _____ | • lentejas ▶ _____ |
| • ensayo ▶ _____ | • viejo ▶ _____ |
| • apoyar ▶ _____ | • mejorar ▶ _____ |
| • haya ▶ _____ | • trabajo ▶ _____ |
| • boya ▶ _____ | • oreja ▶ _____ |
| • rayo ▶ _____ | • navaja ▶ _____ |

3. Todas as palabras de cada columna teñen a mesma letra, cal é? Completa.

- | | | |
|-----------|------------|--------------|
| • xerse__ | • pa__aso | • pro__ector |
| • arro__o | • ce__a | • in__ección |
| • xo__a | • conce__o | • __ugular |
| • re__ | • vasi__a | • __ema |
| • ma__o | • pare__a | • en__esar |
| • sa__a | • burbu__a | • __a__ún |

Palabras con __

Palabras con __

Palabras con __

4. Completa coa palabra que cumpra do exercicio anterior.

- Non puidemos ver a película porque o _____ estaba estragado.
- Ao avó gústalle gardar a auga nunha _____ de barro.
- Na escola facemos _____ adornados con pampullos e laranxas.
- Ás veces é posible atopar ovos con dúas _____.
- Para facer as análises de sangue tes que estar en _____.
- O meu curmán Xes xoga moito a facer _____ de xabón.
- Preto da aldea pasa un _____ con auga fresquiña onde lavamos os pés.
- Tiveron que lle _____ o brazo porque rompeu un óso.

5. Completa coa palabra axeitada.

vaia / valla

- Cando _____ á biblioteca, pedirei esta novela.
- Non creo que che _____ ese pantalón.

coio / collo

- Na beira do río atopei un _____ moi redondiño.
- Eu _____ o pan nesta panadaría.

roia / rolla

- Ponlle a _____ á botella da auga.
- Bótalle o óso ao can e que o _____.

faia / falla

- Plantou preto do pozo unha _____.
- Como se nota a _____ de Luís na casa.

Nome _____ Data _____

As **abreviaturas** representan unha palabra, ou un grupo de palabras, escrita de forma acurtada ou reducida. Comezan pola letra inicial da palabra e rematan sempre en punto.

Poden formarse de dous xeitos:

- Escribindo só a primeira letra ou varias das letras iniciais e eliminando a parte final.
Exemplo: *s.* ou *séc.* (*século*), *páx.* (*páxina*).
- Eliminando varias letras intermedias da palabra: *cta.* (*conta*), *esqda.* (*esquerda*)

Non deben confundirse as abreviaturas cos símbolos, que tamén son formas abreviadas, que expresan unidades de peso, de medida, de moedas, de elementos químicos... e que se escriben sen punto. Exemplos: *l* (*litro*), *kg* (*quilogramo*)

Hai que ter en conta que:

- Se a palabra que se abrevia ten acento gráfico, a abreviatura debe conservalo. Exemplo: *fábr.* (*fábrica*).
- As abreviaturas de tratamento escríbense con inicial maiúscula. Exemplo: *Dra.* (*doutora*).
- Admiten formas en plural. Exemplo: *páxs.*, *Sres.*
- As abreviaturas, aínda que representen unha palabra con menos letras, deben lerse de forma enteira.

1. Relaciona cada abreviatura co seu significado.

Dna.	doutor	r.	documento
Excmo.	ilustre	doc.	febreiro
Dr.	dona	gal.	rúa
Ilstre.	señora	prov.	galego
Vde.	Excelentísimo	febr.	compañía
Sra.	vostede	cía.	provincia

2. Colorea as abreviaturas anteriores que aparecen escritas en maiúscula inicial e explica por que se escriben así.


3. Marca a abreviatura correcta en cada caso.

<input type="checkbox"/> xénero	<input type="checkbox"/> xen.	<input type="checkbox"/> xén.	<input type="checkbox"/> futuro	<input type="checkbox"/> fut.	<input type="checkbox"/> fu
<input type="checkbox"/> núm.	<input type="checkbox"/> num.	<input type="checkbox"/> núm.	<input type="checkbox"/> plural	<input type="checkbox"/> plur	<input type="checkbox"/> pl.
<input type="checkbox"/> artigo	<input type="checkbox"/> art.	<input type="checkbox"/> arg.	<input type="checkbox"/> máximo	<input type="checkbox"/> máx.	<input type="checkbox"/> maxi.
<input type="checkbox"/> capítulo	<input type="checkbox"/> cap.	<input type="checkbox"/> cat.	<input type="checkbox"/> maiúscula	<input type="checkbox"/> masc.	<input type="checkbox"/> maiúsc.

4. Arrodea a palabra completa que corresponde a cada abreviatura.

- asdo. ▶ asinado asado ascensor
- xral. ▶ xeneral xénero xenio
- pza. ▶ porta praza parque
- prof. ▶ profesión profesor pronome
- dto. ▶ desconto decena dramático

5. Escribe a mensaxe completa substituíndo as abreviaturas por palabras.



6. Escribe esta mensaxe empregando todas as abreviaturas que poidas.

Temos que buscar un exemplo de oración interrogativa na primeira páxina da unidade.

Había aproximadamente unhas dez persoas no local da asociación.

Nome _____ Data _____

As **siglas** empréganse para expresar de xeito abreviado un grupo de palabras que normalmente se refiren a institucións, organismos, países, documentos, etc.

Unha sigla está formada polas iniciais de cada un dos termos dese grupo de palabras (substantivos e adxectivos) sen incluír as preposicións e conxuncións. Por exemplo, a sigla **CEIP** está formada pola letra inicial do sintagma **Colexio de Educación Infantil e Primaria**.

Ao escribir as siglas hai que ter en conta o seguinte:

- Non se deben dividir ao final da liña.
- Non hai que escribir punto entre as letras que as forman.
- Escríbense, normalmente, con todas as letras en maiúsculas.
- Son invariables no número, polo tanto, escríbense igual en singular e plural. Exemplo: *O CD / os CD*.
- Se o sintagma está formado por dúas palabras en plural, a sigla escríbese duplicada, cun espazo intermedio. Exemplo: *EE UU (Estados Unidos), RR CC (Reis Católicos)*.

1. Escribe cada sigla a carón do seu significado.

DNI	• Documento Nacional de Identidade	▶ _____
ONG	• Organización Non Governamental	▶ _____
ONU	• Organización das Nacións Unidas	▶ _____
ESO	• Educación Secundaria Obrigatoria	▶ _____
DXT	• Dirección Xeral de Tráfico	▶ _____

2. Escolle a primeira letra de cada serie de palabras e escribe a sigla resultante.

- Inspección Técnica de Vehículos ▶ _____
- Sociedade Española de Automóbiles de Turismo ▶ _____
- Real Academia Galega ▶ _____
- Organización Nacional de Cegos Españois ▶ _____
- Obxecto Voador Non Identificado ▶ _____
- Unidade de Vixilancia Intensiva ▶ _____
- Unión Europea ▶ _____
- Unidade de Coidados Intensivos ▶ _____

3. Risca a sigla incorrecta e colorea a correcta.

CCAA

AACC

- Comunidades Autónomas

UE

IES

- Instituto de Educación Secundaria.

AAEE

AE

- Asuntos Exteriores.

OMS

MSO

- Organización Mundial da Saúde.

PVP

VPP

- Prezo de Venda ao Público.

4. Completa estes titulares coa sigla que corresponde ao texto das parénteses.

A _____ (Liga de Fútbol Profesional) modifica os horarios dos partidos.

Dous atletas galegos, clasificados para os _____ (Xogos Olímpicos)

Saen dous novos _____ (Disco Vídeo Dixital) en _____ (Versión Orixinal) en galego con subtítulos en inglés sobre o Camiño de Santiago.

5. Investiga na internet que palabras forman estas siglas de orixe estranxeira. Escríbeas no idioma orixinal e tradúceas ao galego.

NASA

NBA

FIFA

BBC

NATO